



## INFORME ECONÓMICO FINANCIERO DO ORZAMENTO DE 2026

En cumprimento do artigo 168.1e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do sinalado no artigo 18.1.e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, que ordena a exposición das bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento, elabórase o seguinte informe:

### ESTRUTURA

No desenvolvemento deste informe seguiremos a seguinte estrutura:

- 1.- Estrutura orzamentaria.
- 2.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos.
- 3.- Estudo do financiamento do orzamento.
- 4.- Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obligas esixibles e os gastos de funcionamento dos servicios e a efectiva nivelación do orzamento.
- 5.- Estudo do endebedamento

### 1.- Estrutura orzamentaria

En primeiro lugar sinalar que, segundo establece o artigo 122.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos, a tal efecto a estrutura orzamentaria adáptase a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación dada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

### 2.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos do Orzamento.

Os ingresos do Consorcio son os previstas nos artigo 22 e 23 dos Estatutos do Consorcio, nos que se regulan os recursos así como as achegas dos entes consorciados para o seu financiamento.

O estudio das bases empregadas para a avaliación dos ingresos farémolo por capítulos e para aqueles conceptos más significativos:

#### Capítulo III: Taxas e outros ingresos

Abrangue a “Taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento”, a “Taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamento” e a “Taxa por expedición de documentos administrativos e realización de actividades administrativas” e outros ingresos que se derivan basicamente da recadación en período executivo.





Estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 2.380.000,00 €, o que representa un incremento do 6,5068 %.

A avaliación dos dereitos que se prevén liquidar nos distintos conceptos que integran este capítulo efectuouse, entre outros, en base ós seguintes criterios:

- Tendo en conta a información subministrada polo estado de execución do orzamento de 2025.
- Tendo en conta a evolución tendencial da recadación de algúns destes conceptos de ingresos.

#### Capítulo IV: Transferencias correntes

Recolle as achegas dos entes consorciados, que experimenta un incremento con relación aos exercicios anteriores do 15,2866 %, en previsión do financiamento da plena aplicación das condicións laborais (xornadas, vacacións, permisos e licenzas o que determina o redimensionamento do cadro de persoal operativo coa creación de 4 postos de xefes de quenda no exercicio 2026, a previsión dunha bolsa de contratación temporal para a cobertura de vacantes de postos con derecho a reserva de posto de traballo e do emprego de horas extras) e das condicións económicas reguladas no capítulo II do I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio (estrutura retributiva, complemento persoal transitorio, horas extras, complemento por incapacidade temporal e gratificacións extraordinarias) e por ende da valoración da RPT e dos previsibles incrementos retributivos.

Este capítulo ascende a 3.620.000,00 €, correspondéndolle o 50% a cada un dos entes consorciados.

#### Capítulo V: Ingresos patrimoniais

Recolle con carácter simbólico, a previsión de ingresos procedentes dos intereses que devengan depósitos monetarios en bancos.

Os ingresos cífranse na cantidade de SEIS MILLÓNS CEN EUROS (6.000.100,00 €)

### **3.- Estudo do financiamento do orzamento.**

O financiamento dos créditos do estado de gastos do orzamento será a que se sinala de seguido:

#### **- Previsión de dereitos a liquidar no exercicio**

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Capítulo I. Impostos directos	0,00 €
Capítulo II. Impostos indirectos	0,00 €
Capítulo III. Taxas e outros ingresos	2.380.000,00 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	3.620.000,00 €
Capítulo V. Ingresos patrimoniais	100,00 €
<b>Total ingresos correntes</b>	<b>6.000.100,00 €</b>
Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais	0,00 €





Capítulo VII. Transferencias de capital	0,00 €
<b>Total ingresos por operacións de capital non financeiro</b>	<b>0,00 €</b>
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros	0,00 €
Capítulo IX. Variación pasivos financeiros	0,00 €
<b>Total ingresos por operacións de capital financeiro</b>	<b>0,00 €</b>
<b>Total ingresos por operacións de capital</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS EXERCICIO</b>	<b>6.000.100,00 €</b>

Previsión de obrigas que se prevén recoñecer no exercicio.

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Capítulo I. Gastos de persoal	5.105.051,00 €
Capítulo II. Gastos bens correntes e servizos	799.600,00 €
Capítulo III. Gastos financeiros	0,00 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	6.000,00 €
Capítulo V. Fondo continxencia	10.000,00 €
<b>Total operacións correntes</b>	<b>5.920.651,00 €</b>
Capítulo VI. Inversións reais	70.949,00 €
Capítulo VII. Transferencias de capital	0,00 €
<b>Total gastos por operacións de capital non financeiro</b>	<b>70.949,00 €</b>
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros (Adquisición débeda...)	8.500,00 €
Capítulo IX. Variación pasivos financeiros (Amortización débeda...)	0,00 €
<b>Total gastos por operacións de capital financeiro</b>	<b>8.500,00 €</b>
<b>Total gastos por operacións de capital</b>	<b>79.449,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS EXERCICIO</b>	<b>6.000.100,00 €</b>

Os ingresos correntes son suficientes para financiar os gastos correntes:

Ingresos correntes	<b>6.000.100,00 €</b>
Gastos correntes	<b>5.920.651,00 €</b>
<b>Aforro bruto</b>	<b>79.449,00 €</b>
Variación pasivos financeiros (Amortización préstamos...)	0,00
Variación activos financeiros (Adquisición débeda...)	8.500,00





<b>Aforro neto</b>	<b>70.949,00 €</b>
<b>Capacidade para financiamento operacións de capital non financeiras</b>	<b>70.949,00 €</b>

A capacidade para financiamento con fondos propios de operacións da capital non financeiro (Capítulo VI gastos de investimento) ascende a 70.949,00 €.

#### **4. Estabilidade orzamentaria.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, enténdese por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Esta situación acredítase cos seguintes datos do Orzamento, que presenta unha situación de superavit:

- Ingresos non financeiros (Cap. 1 a 7 de ingresos): 6.000.100,00 €
- Gastos non financeiros (Cap. 1 a 7 de gastos): 5.991.600,00 €
- Capacidad (+)/necesidade (-): + 8.500.000,00 €

Os ingresos non financeiros son suficientes para financiar os gastos non financeiros, non sendo necesario acudir a crédito para financiar os gastos do Orzamento deste Consorcio. Así mesmo, o Consorcio non conta nin ten previsto acudir a endebedamento, cumpríndose, deste xeito co principio de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda.

#### **6. Suficiencia dos créditos.**

Os créditos consignados nas distintas partidas do Orzamento de gastos considéranse suficientes para fazer fronte ás obrigas (créditos recoñecidos e gastos comprometidos en exercicios anteriores, etc.)

Así mesmo, esta Presidencia estima suficiente os créditos consignados no proxecto de Orzamento para fazer fronte ós gastos de funcionamento do servizo de intervención en emerxencias e do propio funcionamento do Consorcio; isto non significa que durante o proceso de execución do Orzamento non sexa preciso acudir a tramitar expedientes de modificación de créditos.

O Orzamento preséntase equilibrado, pois tanto o proxecto de gastos coma o de ingresos suman un importe de 6.000.100,00 €.

#### **5. Estudo do endebedamento.**

Conforme queda refletido en apartados anteriores, non se ten previsto acudir a operacións de crédito para financiar os investimentos do exercicio e a carga financeira será 0,00 €.





O presidente Luis López Diéguez

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

